

# CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE- E O CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL SOBRE ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO DO CENTRO DE SAÚDE DE FOLGOSO DO COUREL

Lugo, 7 de febreiro de 2017

## REUNIDOS

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuado en nome e representación deste último, e no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa** actuando en nome e representación do Concello de Folgoso do Courel, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta da citada corporación, segundo o disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

## EXPOÑEN

I. Que, con data 20 de xaneiro de 2006, foi formalizado o Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o contido e desenvolvemento do pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Que no dito acordo se recollen unha serie de actuacións entre as que se atopa a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos.

III. Que o proceso de asunción será, en calquera caso, voluntario para os concellos e formalizarase a través dos convenios que se asinarán con cada un deles.

IV. Que na reunión da comisión mixta paritaria entre a Consellería de Sanidade e a FEGAMP celebrada o día 24 de setembro de 2008, aprobouse o Protocolo entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde- e a Federación Galega de Municipios e Provincias sobre a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde e distribuíronse os centros de saúde de titularidade municipal en 4 grupos de acordo coa dispoñibilidade de cesión da dita titularidade. O protocolo foi finalmente asinado con data 29 de decembro de 2008.

V. Que na Acta nº2 da Comisión Mixta entre a Consellería de Sanidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) prevista na disposición adicional quinta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, do 27 de xullo de 2016, se recollen 29 centros dos que se acorda iniciar os trámites para a súa cesión ao Servizo Galego de Saúde.

Á vista do anterior as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

**Primeira.-** Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de cooperación entre o Concello de Folgoso do Courel e o Servizo Galego de Saúde para a cesión da propiedade do Centro de Saúde de Folgoso do Courel do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento do mesmo.

**Segunda.-** O Concello de Folgoso do Courel comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión

patrimonial do devandito centro de saúde, ao Servizo Galego de Saúde, libre de cargas e gravames.

No suposto de que o inmovible obxecto de cesión deixara de prestar servizo como centro de saúde o concello poderá exercer o dereito de reversión sobre o devandito inmovible.

**Terceira.-** De acordo co anterior, co fin de tramitar a cesión da propiedade do centro de saúde, o concello remitirá ao Servizo Galego de Saúde a seguinte documentación:

- Certificación do Acordo do Pleno da corporación municipal cedendo ao Servizo Galego de Saúde o centro citado.
- Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Regulamento de bens das entidades locais.
- Certificación do Rexistro da Propiedade de titularidade e conforme é un ben patrimonial, así como a situación de cargas e gravames.
- Referencia catastral.

Posteriormente, e previa autorización do Consello da Xunta, a cesión será elevada a escritura pública e inscrita no Rexistro da Propiedade. A devandita escritura contemplará o dereito de reversión a favor do concello no suposto de que o inmovible deixara de prestar servizo como centro de saúde.

**Cuarta.-** O Concello de Folgoso do Courel comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmoables, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

**Quinta.-** O Servizo Galego de Saúde comprométese á asunción dos gastos de mantemento do centro de saúde a partir do momento en que se proceda á formalización da súa cesión patrimonial, de acordo co previsto no presente convenio e no/s seu/s anexo/s.

Por parte do concello se facilitará á correspondente Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde os datos precisos para facilitar o proceso de cambio de titularidade dos contratos de subministracións vixentes así como os correspondentes aos servizos para o centro de saúde. Para tal fin achégase como anexo a este convenio relación de documentación que será solicitada pola Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde con carácter previo a asunción destes custos.

As obrigas económicas pendentes anteriores á data en que o Servizo Galego de Saúde se faga cargo dos gastos de mantemento do centro corresponderán, en todo caso, ao concello.

**Sexta.-** A partir do momento en que o Servizo Galego de Saúde se faga cargo dos gastos de mantemento do centro de saúde citado, quedará sen efecto calquera outro convenio, concerto ou acordo que puidese estar vixente entre este organismo e o concello relativo ao mantemento destes gastos.

Así mesmo, no caso de que este concello reciba algún tipo de axudas ou subvencións do Servizo Galego de Saúde relativa aos gastos de mantemento do centro de saúde, unicamente poderán xustificarse gastos ata a data de asunción dos mesmos polo Servizo Galego de Saúde.

**Sétima.-** Non obstante o anterior, polo concello e o Servizo Galego de Saúde poderá acordarse, dentro da comisión de seguimento deste convenio prevista na cláusula seguinte, a realización de actividades de colaboración para o funcionamento ordinario do centro de saúde.

**Oitava.-** Sen prexuízo das competencias da Comisión Mixta paritaria creada en base ao Acordo do Pacto Local, constitúrase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e que poda propoñer a resolución das controversias xurdidas como consecuencia da súa execución.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables. A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

**Novena.-** O presente convenio entrará en vigor tras a súa sinatura e estará vixente ata que se formalice a cesión en escritura pública, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.

**Décima.-** O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento poderá dar lugar á resolución do mesmo.

**Undécima.-** Este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

**Duodécima.-** A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así queda redactado o presente convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por triplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

**POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

**POLO CONCELLO DE FOLGOSO DO  
COUREL**

**Jesús Vázquez Almuiña**

**Dolores Castro Ochoa**

## ANEXO

### RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA A ENTREGAR POLO CONCELLO

|                                    |                                        |
|------------------------------------|----------------------------------------|
| <b>CONCELLO: FOLGOSO DO COUREL</b> | <b>CENTRO SAÚDE: FOLGOSO DO COUREL</b> |
|------------------------------------|----------------------------------------|

| <b>DATOS DA PERSOA DE CONTACTO CO CONCELLO</b> |  |
|------------------------------------------------|--|
| NOME E APELIDOS                                |  |
| CARGO                                          |  |
| TELÉFONO                                       |  |
| FAX                                            |  |
| E-MAIL                                         |  |

#### **1. EDIFICACIÓN**

Proxecto básico e de execución do edificio.  
Modificados do Proxecto básico e de execución.  
Información sobre modificacións e reformas efectuadas na edificación (planos actualizados)

#### **2. SISTEMA DE CALEFACCIÓN, A.C.S. E CLIMATIZACIÓN.**

Proxectos técnicos  
Autorización de Industria (Dirección de obra dilixenciada).  
Libros de mantemento.  
Certificado depósitos almacenamento (gasóleo/gas).  
Documentación inspeccións regulamentarias depósitos de combustibles.  
Documentación revisión regulamentarias instalacións receptoras de gas.  
Documentación tratamentos anti-lexionella.  
Certificados inspección periódica regulamentaria instalacións térmicas e xeradores.  
Documentación técnica de equipos.  
Mantemento.  
Propio (describir recursos humanos).  
Empresa externa.

- Copia contratos de mantemento

|                        |       |
|------------------------|-------|
| - Importe anual        | €     |
| - Vixencia do contrato | Ata o |

Consumo anual. (Xuntar copia das facturas dos últimos 12 meses).

|        |                |    |
|--------|----------------|----|
| Litros | M <sup>3</sup> | Kg |
|        |                |    |

### 3. INSTALACIÓN AUGA.

Proxecto técnico.

Boletín instalación.

Copia contrato subministro.

- Importe anual. (Xuntar copia das facturas dos últimos 12 meses)

|   |
|---|
| € |
|---|

### 4. INSTALACIÓN ELÉCTRICA.

Proxecto técnico.

Certificado autorización de Industria (Dirección obra dilixenciada).

Boletín instalación.

Certificado última inspección.

Mantemento.

Propio (describir recursos humanos).

Empresa externa.

- Copia contratos de mantemento

- Importe anual

- Vixencia do contrato

|       |
|-------|
| €     |
| Ata o |

Copia contrato de subministro.

- Importe anual. (xuntar copia das facturas dos últimos 12 meses).

|   |
|---|
| € |
|---|

#### ► En caso de centros de transformación.

Documentación técnica.

Certificados última inspección periódica regulamentaria.

Contrato de mantemento.

- Nome empresa mantedora

- Importe anual

- Vixencia do contrato

|       |
|-------|
|       |
| €     |
| Ata o |

#### ► En caso de grupos electrógenos.

Documentación técnica.

Copia certificado última inspección.

Contrato de mantemento.

- Nome empresa mantedora

|  |
|--|
|  |
|--|

- Importe anual

€

- Vixencia do contrato

Ata o

|  |
|--|
|  |
|  |

**5. INSTALACIÓN INCENDIOS/INTRUSISMO.**

Documentación técnica equipos.

Autorización administrativa.

Contrato de mantemento.

- Nome empresa mantedora

|  |
|--|
|  |
|--|

- Importe anual

€

- Vixencia do contrato

Ata o

|  |
|--|
|  |
|  |

► Descrición tipo instalacións

Extintores

BIES

Central (tipo e nº de detectores).

Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios.

**6. INSTALACIÓN PARARRAIOS / TOMAS DE TERRA**

Documentación técnica.

Certificado instalación.

Certificado última revisión.

Contrato mantemento.

- Nome empresa mantedora

|  |
|--|
|  |
|--|

- Importe anual

€

- Vixencia do contrato

Ata o

|  |
|--|
|  |
|  |

**7. ASCENSORES / PORTAS AUTOMÁTICAS**

Proxecto técnico.

Certificado autorización Industria.

Documentación técnica.

Certificado última revisión periódica regulamentaria.

Copia contrato mantemento.

- Nome empresa mantedora

|  |
|--|
|  |
|--|

- Importe anual

€

- Vixencia do contrato

Ata o

|  |
|--|
|  |
|  |

**8. LIMPEZA**



Persoal propio.

- Número de persoas.....
- Vínculo laboral.....
- Horas diarias.....
- Horario.....
- Importe anual.....

Empresa externa.

- Nome da empresa (xuntar copia contrato).....
- Importe anual.....
- Horas diarias.....
- Número de persoas.....
- Vixencia do contrato.....

## **9. TELEFONÍA.**

Número de teléfonos.....

Copia contrato.

Importe anual.....

## **10. XARDINERÍA.**

Persoal propio.

Empresa externa

- Copia do contrato
- Importe anual
- Vixencia do contrato

|       |
|-------|
| €     |
| Ata o |

Descrición do servizo realizado (área, interior/exterior).

## **11. LAVANDERÍA.**

Persoal propio. (describir proceso)

Empresa externa

- Copia do contrato
- Importe anual
- Vixencia do contrato
- Kg./ano

|       |
|-------|
| €     |
| Ata o |
|       |

## **12. RECURSOS HUMANOS MUNICIPAIS ADICADOS A MANTEMENTO / CONSERVACIÓN /OUTROS TRABALLOS**

► Describir.

## **13. CONTENEDORES HIXIÉNICOS.**

- Nome empresa mantedora

|  |
|--|
|  |
|--|

- Importe anual

€

- Vixencia do contrato

Ata o

#### 14. DDD (DESINFECCIÓN, DESRATIZACIÓN, DESINSECTACIÓN)

- Nome empresa mantedora

|  |
|--|
|  |
|--|

- Importe anual

€

- Vixencia do contrato

Ata o

#### 15. ACTUACIÓN EN CURSO E/OU PENDENTES DE EXECUCIÓN (reformas, accesos, cambios de subministracións, novas acometidas, etc.)

#### 16. OUTRAS CIRCUNSTANCIAS QUE SEXAN RELEVANTES OU A TER EN CONTA A PARTIRES DO TRASPASO DO CENTRO.

#### 17. PROXECTO DO EDIFICIO E ACTUALIZACIÓN DE REFORMAS REALIZADAS POLO CONCELLO.

### RESUMEN DE GASTOS ANUAIS

|                                           |         | Custo Anual | Persoal propio |            | Empresa externa | Contrato Inicio/fin |
|-------------------------------------------|---------|-------------|----------------|------------|-----------------|---------------------|
|                                           |         |             | Horas diarias  | Nº persoas |                 |                     |
| Limpeza                                   |         |             |                |            |                 |                     |
| Calefacción                               | Gas     |             |                |            |                 |                     |
|                                           | Gasóleo |             |                |            |                 |                     |
| Auga                                      |         |             |                |            |                 |                     |
| Electricidade                             |         |             |                |            |                 |                     |
| Mantemento calefacción/ACS/ Climatización |         |             |                |            |                 |                     |
| Mantemento ascensores                     |         |             |                |            |                 |                     |
| Mantemento incendios/                     |         |             |                |            |                 |                     |

|                                   |  |  |  |  |  |
|-----------------------------------|--|--|--|--|--|
| extintores/centrais/Bies          |  |  |  |  |  |
| Mantemento pararraios             |  |  |  |  |  |
| Mantemento intrusismo             |  |  |  |  |  |
| Mantemento centros transformación |  |  |  |  |  |
| Mantemento grupos electróxeos     |  |  |  |  |  |
| Xardinería                        |  |  |  |  |  |
| Telefonía                         |  |  |  |  |  |
| Lavandería                        |  |  |  |  |  |
| Reparacións varias                |  |  |  |  |  |